



PARLAMENTO DE GALICIA

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

Proposta de adjudicación relativa á contratación administrativa do servizo de xardinaría das instalacións e edificacións do Parlamento de Galicia.

I. O 13 de xuño de 2017, a Mesa do Parlamento de Galicia acordou iniciar o procedemento e aprobar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas desta contratación administrativa, mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria e por un valor estimado de 378.748,52 €

Nesa mesma reunión a Mesa fixou o orzamento total do contrato, e autorizou o gasto polo importe ao exercicio actual con cargo á partida orzamentaria correspondente, co detalle que figura no cadro de especificacións dos pregos de cláusulas administrativas. As anualidades vindeiras do contrato quedaron condicionadas á existencia de crédito na partida do correspondente orzamento.

II. Os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas foron publicados no BOPG núm. 131, do 19 de xuño de 2017. Os anuncios de licitación foron publicados no DOUE nº S116, do 20 de xuño, e no BOE nº 158, do 4 de xullo.

III. Rematado o prazo concedido para presentar ofertas consta, segundo certificación emitida polo Servizo de Asistencia Parlamentaria, a presentación de proposición polas seguintes entidades:

- Talher, S.A.
- Eulen, S.A.
- Servicios auxiliares de mantenimiento y limpieza, S.L.
- Plantadeza, S.L.

IV. Constituída a Mesa de Contratación deste procedemento administrativo, reuniuse, segundo consta nas actas, nas seguintes datas:

- **28 de xullo e 1 de agosto:** nas que se procedeu á apertura dos sobres A das proposicións presentadas, resultando admitidas as proposicións de Talher, S.A., Eulen, S.A. e Servicios auxiliares de mantenimiento y limpieza, S.L.; se acordou requirir a Plantadeza, S.L. a reparación do erro de non ter asinado os sobres coa súa oferta.
- **14 de setembro:** no que se procedeu á comprobación da reparación do erro detectado nos sobres presentados por Plantadeza, S.L., e se acordou admitila para continuar no procedemento de contratación.
- **18 de setembro:** na que se procedeu á apertura dos sobres B, posteriormente remitidos ao Servizo de Persoal e Réxime Interior para elaboración de informe técnico para estudo, avaliación e puntuación respecto dos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor, que foron as seguintes:

Empresas	Talher, S.A.	Eulen, S.A.	Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L	Plantadeza, S.L.
Criterio adjudicación				
a.1) Achegas de plantas...	9	9	11	0
a.2) Plan de implantación...	8	8	8	0
a.3) Parámetros de calidade...	3	5	2	0
b.1) Equipos de cortar céspede...	3	1	3	0
b.2) Equipos escarificación..	2	1	3	0
b.3) Equipos de poda...	3	2	3	0
b.4) Equipos de limpeza...	2	1	3	0
b.5) Equipos de hidrolimpieza...	2	3	3	0
b.6) Equipamento (EPI)...	2	3	3	0
Puntuación Total	34	33	39	0



PARLAMENTO DE GALICIA

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

- **5 de outubro:** se procedeu á comunicación da puntuación obtida polas empresas respecto do criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor, e posteriormente foron abertos os sobres C, remitidos ao Servizo de Persoal a Réxime Interior para estudo e elaboración de informe técnico. As ofertas das empresas foron as seguintes:

	a) Prezo (sen IVE)	b) Incremento de efectivos durante (meses)
Talher, S.A.	91.958,49 €	4
Eulen, S.A.	88.200,00 €	4
Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L.	81.641,97 €	4
Plantadeza, S.L.	86.559,29 €	9

Conforme a estas respectivas ofertas, a puntuación atribuída conforme aos criterios avaliados por aplicación de fórmulas, foron as seguintes:

	a) Prezo	b) Incremento de efectivos durante (meses)	TOTAL
Talher, S.A.	9,41	10,00	19,41
Eulen, S.A.	22,38	10,00	32,28
Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L.	45,00	10,00	55,00
Plantadeza, S.L.	28,04	10,00	38,04

Respecto da puntuación asignada a Plantadeza, S.L. polo incremento de efectivos durante determinados meses, xa nos pregos se advertía que se puntuaría a oferta unicamente para os meses de abril, maio, outubro e novembro, atribuíndo por este subcriterio un máximo de 10 puntos.

- **18 de outubro:** na que se procedeu a determinar a puntuación total obtida polas empresas concorrentes, que foi a seguinte:

EMPRESA	Criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor	Criterios avaliados por aplicación de fórmulas	Puntuación Total
Talher, S.A.	34,00	19,41	53,41
Eulen, S.A.	33,00	32,28	65,38
Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L.	39,00	55,00	94,00
Plantadeza, S.L.	0,00	38,04	38,04

Á vista da puntuación obtida, acordou clasificar as empresas na seguinte orde:

1. Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L.
2. Eulen, S.A.
3. Talher, S.A.
4. Plantadeza, S.L.

En consecuencia, acordou requirir a documentación esixida na cláusula décimo primeira do prego de cláusulas administrativas, á empresa clasificada en primeiro lugar, Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L., para propoñela, de ser o caso, para a



PARLAMENTO DE GALICIA

SERVIZO DE PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

adxudicación do contrato. O día 23 de outubro remitiuse requirimento ao licitador para que presentara a documentación relativa á cláusula décimo primeira dos pregos de cláusulas administrativas. Consta recepción telemática do requirimento o propio 23 de outubro.

O 6 de novembro, a empresa presentou a documentación requirida (registro nº 19779), incluíndo xustificante do pagamento do anuncio de licitación no BOE por importe de 879,42 €, e constitución da garantía definitiva, mediante aval bancario, por importe de 8.164,20 €.

- **14 de novembro:** A Mesa de Contratación procedeu ao estudo e análise da documentación presentada pola empresa, acordando admitila como válida e suficiente, e propoñerlle á Mesa do Parlamento a adxudicación do contrato a Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L.

V. En consecuencia, cumpridos os trámites legais e regulamentarios, propónse á Mesa do Parlamento, unha vez sexa esta proposta fiscalizada favorablemente pola Intervención da Cámara, a adopción do seguinte Acordo:

1º- Adxudicar o contrato dos servizos de xardinaría das instalacións e edificacións do Parlamento de Galicia a Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L., nos seguintes termos:

- Prezo anual do servizo	81.641,97 €.
- IVE (21%).....	17.144,81 €.
- Total	98.786,78 €.

Conforme á oferta realizada pola empresa, deberá dedicar á prestación do servizo un efectivo a maiores dos dous mínimos esixidos, durante os meses de abril, maio, outubro e novembro.

2º.- Comunicarlles este acordo ás empresas licitadoras, á Intervención e Asuntos Económicos e ao Servizo de Persoal e Réxime Interior.

3º.- A formalización do contrato, que non poderá realizarse antes dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores.

4º.- Publicar a adxudicación e/ou a formalización do contrato no perfil de contratante do Parlamento de Galicia e na publicación oficial que proceda.

5º.- Contra o acordo de adxudicación, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse, no prazo de dous meses desde o seguinte á notificación, recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia conforme ao disposto na lei reguladora da dita xurisdición, sen prexuízo de interpoñer, potestativamente, recurso especial en materia de contratación, no prazo de quince días hábiles desde aquel en que se remita a notificación da adxudicación, segundo o previsto nos artigos 40 e seguintes do TRLCSP.

6º.- De conformidade co disposto no artigo 333.3 da TRLCSP, comunicación, si procede, dos datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do sector público nos termos indicados no RD 817/2009.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2017.

O Xefe do Servizo

Mesa do Parlamento de Galicia